



DINÁMICA DO SORTEO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NO CLUBE SAC DOMUS

Unha vez finalizado o proceso de solicitude de praza nos clube SAC Domus, e superando as solicitudes á oferta en cada unha das quendas, procederáse a realizar un sorteo público para a adxudicación de 9 prazas en cada quenda.

A dinámica a seguir para a realización do sorteo público, que se celebrará o día 16 de xuño de 2020 ás 10.00 h, nas dependencias dos Museos Científicos, Domus, Ángel Rebollo 91, será a que sigue:

- Asignarase un número a cada solicitude de praza atendendo á orde de entrada dos formularios de solicitude. Este número será o que terá validez de cara ao sorteo. As listaxes cos números asignados publicaránse o 15 de outubro na páxina web <https://www.coruna.gal/mc2/gl> para que podan ser consultadas.
- Realizarase un sorteo diferente para cada unha das quendas. Para a quenda Mércores introduciranse no bombo tantos números como prazas fosen solicitadas. De igual maneira para a quenda Xoves introduciranse no bombo tantos números como prazas fosen solicitadas.
- Extraerase un número de cada bombo e adxudicaránse 9 prazas en orde correlativo a partir do número extraído (este incluído). Unha vez sexan adxudicadas as 9 prazas, o resto de persoas que solicitaron praza quedarán nunha lista de agarda. Habilitarase unha lista de agarda para cada unha das quendas respectando a orde de solicitude establecida polo rexistro de entrada.
- Só se adxudicará unha quenda por persoa solicitante. No caso de que unha persoa solicitase praza na quenda Mércores e na quenda Xoves e como resultado do sorteo tocáralle praza en ambas quendas, só poderá gozar dunha delas, adxudicándoselle a que solicitase en primeiro lugar. A praza da outra quenda será adxudicada á primeira persoa da lista de espera.
- O día 16 de outubro publicarase o número resultante para cada turno e as listaxes de prazas adxudicadas. Publicarase tamén as listaxe de agarda de cada un dos turnos para cubrir aquelas prazas que non teñan a inscrición formalizada ou renuncien á mesma.

Confirmación das prazas adxudicadas

Do 17 ao 18 de outubro ábrese o prazo de inscrición, no que as persoas admitidas deberán acudir á Domus a formalizar a súa praza de 10 a 19 h.

No caso de non formalizarse no prazo establecido, a praza considerarase vacante e será adxudicada á seguinte persoa da listaxe de agarda. Para axilizar a ocupación das prazas, a comunicación coas persoas da listaxe de agarda realizarase vía telefónica.